



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN POSTOS DO MERCADILLO DO XOVES PARA O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024

Extes.: 2024/X999/000050 e 2024/G003/000882

Consta no expediente o informe do funcionario municipal encargado da xestión do mercadillo de Vimianzo D. Evaristo Suárez Corzón, do 12 de Xullo de 2024, no que sinala os cambios producidos no mercado con respecto ao 2º trimestre do 2024

Tendo en conta; a Ordenanza reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico, a Ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo e a Lei 13/2020 do comercio interior de Galicia

Tendo en conta o establecido no artigo 75.1b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, ao regular a utilización dos bens de dominio público, neste caso na modalidade de uso común especial normal

Considerando a atribución concedida a alcalde polo artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, medidas de modernización do Goberno Local e outras.

Visto canto antecede, esta Alcaldía, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Autorizar para a venda ambulante no mercado de Vimianzo aos solicitantes dos postos que se indican, en base ao informe do encargado da xestión do mercado. Esta autorización ten carácter temporal e retroactivo e outórgase con efectos desde o 01/07/2024 ata o 31/12/2024:

Na rúa Vázquez Mouzo:

Nº posto	Titular	ancho (m)
Nº posto	solicitante	ancho (m)
10	Saavedra Carril Diego	5

Na rúa Castelao:

Nº posto	Titular	ancho (m)
Nº posto	solicitante	ancho (m)
12	Salazar Jimenez Rafael	6

Na rúa Vilar:

Nº posto	Titular	ancho (m)
1	Dahamouni Dahamouni Hamid	5,5

SEGUNDO.- Incorporar como alta no padrón da taxa de mercado de Vimianzo para o 3º trimestre do exercicio 2024 e sucesivos, ás persoas autorizadas para a venda ambulante no mercado de Vimianzo, que se atopan sinaladas no apartado primeiro desta resolución.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 102.1 e 3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, unha vez notificada a incorporación da alta no padrón non será necesaria notificación persoal algunha por tratarse dun tributo de cobro periódico, sendo suficiente a publicación colectiva das sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirten.

CUARTO.- O incumprimento polos/as interesados/as dalgunha condición ou requisito esixido na Ordenanza reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda da feira de Vimianzo situadas en terreo de uso publico ou na Ordenanza municipal reguladora da xestión da venda ambulante no termo municipal de Vimianzo determinará a extinción dos efectos da autorización.



QUINTO.- Tomar razón das baixas producidas a 30 de xuño de 2024 que se sinalan en base ao informe do encargado da xestión do mercado

Na rúa Vázquez Mouzo:

Nº posto	Titular	ancho (m)
Nº posto	solicitante	ancho (m)
10	Escudero Jimenez Irene	5

Na rúa Castelao:

Nº posto	Titular	ancho (m)
12	Barrul Jimenez Alfredo	6
14	Dareme El Mahjoub	4

Na rúa Vilar:

Nº posto	Titular	ancho (m)
1	Bendahou Hanane	5,5

SEXTO.- Aprobar inicialmente o padrón dos postos de mercadillo dos xoves do período do 3º trimestre do 2024 polo importe total inicial de 8651,5 euros, correspondente a 100 postos, que comeza na rúa Vázquez Mouzo D. Diop Diop Medou e remata na rúa Vilar con D^a. María Carmen García Magariños.

SÉTIMO.- Abrir un período de alegacións polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do anuncio no BOP, a efectos de reclamacións. En caso de non formularse, entenderase automaticamente aprobado con carácter definitivo.

OITAVO.- Abrir o período de cobranza en vía voluntaria, dende o 19 de xullo de 2024 ao 19 de setembro de 2024, ambos inclusive, na modalidade de notificación colectiva, consonte co artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, de xestión tributaria.

NOVENO -. Notificar esta resolución aos solicitantes das altas e baixas e Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios físico e electrónico deste concello de cordo ó previsto no artigo 45 e 46 da Lei 39/2015 garantindo a protección de datos persoais e da Disposición Adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro

DECIMO.- Dar conta desta resolución na primeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

Así o manda e asina o Sra Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario xeral

Francisco Javier Novoa Juíz